



outubro

Nº 20 | Outubro de 2008 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

EN GALICIA, EN GALEGO.

Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas

O título deste apartado fai referencia ao traballo realizado polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, a través da súa Área de Comunicación, para a publicación dun CD onde se recoñecen as boas prácticas de natureza educativo-social a fin de promocionar as actividades positivas cara á lingua galega, que combatan os prexuízos e fomenten a autoestima e a lealdade lingüística, visibilizando e recoñecendo así mesmo o bo facer das/os nosas/os profesionais.

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia ten a firme vontade de converterse nun axente decisivo na normalización da lingua galega, nos ámbitos socioprofesionais que son da súa competencia, xeneralizando o emprego do galego na totalidade de servizos e prestacións que desenvolvemos como profesionais, co obxecto de facer da lingua galega un dos seus inequívocos sinais de identidade.

Para levar a cabo esta iniciativa, convidamos a aquelas entidades que puidesen ter algunha experiencia interesante que contar, pero tamén quixemos diversificar a nivel de: público-privado, ámbitos de actuación, colectivos..., e poder ofrecer unha variedade considerable co fin de amosar a viveza e saúde que ten a nosa lingua e, polo tanto, a nosa cultura e todos aquelas/es que a usamos e a gozamos tamén dende a Educación Social. Xuntámolas nun formato actual e tecnolóxico e de aí saíu o CD que proximamente teredes nas vosas mans.

As iniciativas recollidas, que pretenden ter un carácter exemplarizante, foron seleccionadas atendendo aos seguintes criterios:

- ser desenvolvidas en Galicia e en galego;
- ter un impacto palpable e tanxible na mellora da calidade de vida das persoas;
- ser o resultado dun traballo efectivo, contemplando accións dos sectores públicos, privados e civís;

- ser social, cultural, económica ou ambientalmente sostibles.

Asemade, entendemos que *a cultura das boas e mellores prácticas* ten a virtude de orientar ás/aos profesionais cara prácticas de calidade que tamén se caractericen por algunha das seguintes cualidades: transparencia, innovación, orixinalidade, creatividade, eficacia, eficiencia, visibilidade, credibilidade, imparcialidade, equidade, igualdade, cohesión, globalidade etc.

Entre os apartados do CD atoparedes a descrición de 19 experiencias de diferentes entidades e unha sección de “Extras” que nos axudarán a contextualizar cada unha delas, a través de vídeos, fotos, memorias, e outros. Con este formato quixemos buscar a interactividade, polo que permite o acceso mediante hipervínculos ás súas páxinas web para ampliar información e datos de contacto.

Este CD é un primeiro paso dunha iniciativa á que lle queremos dar continuidade a través de diferentes formatos (publicacións, páxina web, encontros...) estando aberta a todas as vosas propostas.

Sendo educadoras/es sociais, onde o noso desempeño require comunicarnos coa xente, temos a obriga moral e o gusto profesional de facelo como nos gusta, en galego.

O pobo galego caracterízase por ese bo facer e o constante ofrecemento do que ten. Nós non queremos ser menos, e queremos ofrecer, tal e como sabemos facelo, retais de historia da Educación Social galega, pero tamén cachos de lingua, dito á nosa maneira e como nós queremos. Por iso, este é outro exemplo máis de que estamos vivos, namentres nos sintamos así, con gañas de seguir gozando do que somos: galegas e galegos.

Área de Comunicación
CEESG

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Asistencia ao acto de inauguración ao Centro de Inclusión Social de Vigo, que tivo lugar o día 17 de outubro, organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- Asistencia ao Congreso Internacional de Políticas de Xuventude, que tivo lugar en Santiago de Compostela o día 31 de outubro. Asistiu María José Caride, Vogal do CEESG.
- Envío de alegacións ao Anteproxecto de Lei Integral de Drogodependencias e outros trastornos adictivos.
- Encontro o día 8 de outubro con D. Lois Pérez Castrillo, xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar, para solicitar información acerca dos perfís profesionais que está previsto que desenvolvan os diferentes recursos e programas que xestiona esa entidade. Asistiron M^a José Fernández e Alfonso Tembrás, Presidenta e Vicepresidente do CEESG.
- Encontro o día 8 de outubro con D. Xosé Francisco Ferreiro, Delegado Provincial de Ourense da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, cara a posibles colaboracións en relación á celebración do Salón Galisenior no mes de novembro. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- Colaboración co Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Aragón, para abrir a bolsa de emprego do colexio aragonés ás colexiadas e colexiados de Galicia que estean interesadas/os.
- Colaboración coa Rede Interxeracional do IMSERSO, co obxecto de facilitar á canle La Sexta a gravación de imaxes de actividades interxeracionais para difundilas nos seus servizos informativos. Enviaron participación Silvia Montes e Sonia Valverde, membros do GEIX.
- Inicio de consultas con outras entidades de Educadoras e Educadores Sociais do resto do Estado a efectos de elaborar un informe cunha comparativa realista da situación a nivel estatal, a efectos de acadar con ela máis peso na demanda da necesidade dunha categoría única de Educador/a Social no Convenio Colectivo único de persoal laboral da Xunta de Galicia
- Posta en marcha do Club de Lectura, a través de encontros virtuais no chat do CEESG e na intranet de www.colexioeducadores.com. Subvencionada pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- Escrito a SOGASERSO S.A. (Sociedade Galega de Servizos Sociais), solicitando que admitan ás/aos educadoras/es sociais habilitadas/os polo CEESG no proceso selectivo para o Centro de Atención Xerontolóxica Sogaserse-Monforte. A resposta foi favorable.
- Recurso de reposición contra as bases para a contratación dun/ha Educador/a Familiar no Concello de Cotobade, publicadas no BOP de Pontevedra de 23 de outubro. Solicítase o dereito das/os educadoras/es sociais habilitadas/os polo CEESG a participar no proceso selectivo.
- Escrito ao Concello de Lugo en relación as bases de convocatoria da praza de Animador/a Sociocultural publicadas no BOP de Lugo de 24/07/08, defendendo a exclusividade das/os educadoras/es sociais para o acceso á mesma.
- Escrito ao Concello da Coruña, ofrecéndonos a participar nos tribunais de selección das prazas que se convoquen, vinculadas coa Educación Social.
- Escrito ao Concello de Allariz, en relación ás bases de convocatoria das prazas denominadas Técnico/a de Cultura e Técnico/a de Educación, publicadas no BOP de Ourense 26 de setembro. Explícase que as/os educadoras/es sociais son profesionais capacitados para desenvolver as funcións deses postos e solicítase que se teña en conta en vindeiras ocasións.
- Solicitud de apoio ás Universidades Galegas para requirir ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar que as prazas denominadas "Axente de inclusión social de menores", recollidas na Relación de Postos de Tráballo da entidade sexan exclusivamente para educadoras/es sociais.
- Encontro o día 23 de outubro con D. Juan C. Porrúa Pardal, xefe do Gabinete da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (por delegación do Sr. D. Emilio Pérez Touriño, Presidente da Xunta de Galicia), para solicitar de novo a incorporación de educadoras/es sociais no sistema educativo. Asistiron M^a José Fernández e Alfonso Tembrás, Presidenta e Vicepresidente do CEESG.
- Posta en marcha do novo catálogo on-line da biblioteca do CEESG, dispoñible accedendo dende a páxina web do colexio (www.colexioeducadores.com/biblioteca.asp)
- Encontro coa entidade aseguradora Broker's 88, a petición do seu xerente, a efectos de entregar unha nova proposta de Seguro de Responsabilidade Civil global, como CGCEES. Asistiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- Visto bo á celebración da Asemblea ASEDES-CGCEES a máis tardar en marzo de 2009 e, en caso de continuar dilatándose a publicación dos Estatutos Definitivos do CGCEES no BOE, aprobación da normativa básica de funcionamento e disolución de Asedes.
- Envío de aportacións aos documentos de base ou borradores para o deseño das titulacións de grado de Educación Social nas tres Universidades galegas.

ARTIGO DE INTERESE: DISCAPACIDADE INTELECTUAL E PARTICIPACIÓN COLEXIAL

Chámome Karina, son Educadora Social e traballo nunha asociación de pais e nais de persoas con discapacidade intelectual (ASPADEX de Cee). Supoño que moitos de vós coñecedes esta ou outras semellantes (ASPAS, ASPRONAGA, ASPAVI) ou ben a Federación (FADEMGA).

Nesta Asociación desenvolvo funcións diversas: clases de relaxación, de autoestima, reunións de autoxestores (programa co que se pretende que as persoas con discapacidade decidan por si mesmas), atención a familias, elaboración de diversos programas...

A finalidade de ASPADEX é a de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e as súas familias. Polo tanto, o meu traballo está nese mesmo camiño, sempre buscando a maior autonomía posible destas persoas.

Gustaríame formar un grupo de traballo centrado neste ámbito, o da discapacidade intelectual.

De seguro hai profesionais interesadas/os no desenvolvemento deste campo, e quero animar a todas/os elas/es a partici-

par activamente na posta en marcha deste grupo.

O propio grupo será quen defina o seu traballo e finalidades, pero podemos mencionar algunha das posibles liñas a seguir:

- Definir as **competencias e funcións** das/os educadoras/es sociais neste ámbito.
- Poñer en común as **formas de traballar** de distintas educadoras e educadores, (técnicas, metodoloxías,...)
- Estudar, propoñer e poñer en marcha actuacións e **medidas que beneficien e faciliten o que facer profesional** neste campo.
- Expoñer as dificultades do noso traballo, **propoñendo posibles solucións, recursos, etc.**

Trátase de conformar un espazo onde compartir, expoñer, mellorar, propoñer... Por suposto, tendo como fin último a mellora da situación das persoas coas que traballamos. Se estás interesada/o en participar, infórmate chamando ao colexio.

FORMACIÓN CONTINUA

CURSOS MONOGRÁFICOS E CURSOS DE FORMACIÓN DE XIRXILAR (A distancia)

Organiza: Xirxilar.

Contido: Diversos cursos monográficos (30 h.) e de formación (100 h.) nas áreas de Intervención Social e Educativa, Animación Sociocultural e Turismo.

Prezo:

- Cursos monográficos: 45 €
- Cursos de formación: 90 €
- Sobre estes prezos farase un desconto do 10% para colexiadas/os do CEESG.

CON DESCONTO
PARA COLEXIADAS/OS

Información: Xirxilar. Tlf.: 988223377

www.xirxilar.com / xirxilar@xirxilar.com

CURSOS DE I. S. INTERVENCIÓN SOCIAL (A distancia)

Organiza: I.S. Intervención Social.

Contido: Diversos cursos de 125 h.: Acollemento familiar e adopción, Orientación sociolaboral, Violencia sobre as mulleres, Intervención con menores, Igualdade de oportunidades, Mediación familiar e interxeneracional, Intervención con maiores.

Prezo:

- Soporte papel: 250 €
- Soporte digital: 230 €
- Soporte web: 200 €
- Sobre estes prezos farase un desconto do 10% para colexiadas/os do CEESG.

CON DESCONTO
PARA COLEXIADAS/OS

Información: I.S. Intervención Social. Tlf.: 954933807

www.intervencionsocial.com

formacion@intervencionsocial.com

2º CONGRESO IBÉRICO.

A fenda dixital: as TIC, entre a escola e a comunidade

Organiza: Nova Escola Galega, Concello de Silleda, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo, Universidade de Santiago, Universidade de Tras os Montes e Alto Douro.

Lugar: Casa da Cultura do Concello de Silleda.

Datas: 21, 22 e 23 de novembro.

Información: Concello de Silleda. Dpto. de Cultura.

Tfl.: 986580000 / 986581028

www.silleda.es / congresoiberico@gmail.com

XORNADAS: Xuventude e Aprendizaxe non formal

Organiza: Instituto da Xuventude da Rexión de Murcia. Escola Rexional de Animación e Tempo Libre.

Lugar: Centro Cultural de Puerto Lumbreras (Murcia)

Datas: 20 e 21 de novembro.

Información: Escola Rexional de Animación e Tempo Libre.

Tlf.: 968357271

www.mundojoven.org/jornadasregionales / eratl@carm.es

I XORNADAS GALEGAS DE PATOLOXÍA DUAL:

Converxencias na abordaxe da patoloxía psíquica asociada.

Organiza: Asociación Cadabullo.

Lugar: Edificio de Ferro da Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Vigo. Campus de Ourense

Datas: 27, 28 e 29 de novembro.

Prezos:

Cota xeral: 90 €.

Desempregadas/os: 45 €.

Estudantes: 18 €.

Información: Asociación Cadabullo

Tlf.: 677538088 - 988374867

cadabullo@yahoo.es

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de A Pobra de Brollón (Lugo): Corrección de erros da oferta de emprego público. Unha praza de Axente Local de Emprego. BOP de 10/10/08

Concello de Arteixo (A Coruña): Anuncio da Oferta de Emprego Público para o 2008. Unha praza de Orientador Laboral. Dúas prazas de Alfabetizador de Adultos. Unha praza de Dinamizador Social. Unha praza de Mediador Intercultural. BOP de 24/10/08

Concello de Vila de Cruces (Pontevedra): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Educador Familiar e unha praza de Axente Local de Emprego. BOE de 27/10/08

Concello de Burela (Lugo): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Educador Familiar. BOE de 28/10/08

Concello de O Pino (A Coruña): Convocatoria e bases para cubrir unha praza vacante de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

OUTROS

Ministerio de Igualdade: Resolución pola que se publica o convenio de colaboración subscrito entre o Instituto da Muller e a Comunidade Autónoma de Galicia, sobre cooperación en programas e actuacións dirixidos especificamente ás mulleres. BOE de 24/10/08

OUTRAS CONVOCATORIAS

EMPREGO

Posto: Educador/a Social, para Centro de Atención Xerontolóxica

Convocada por: Sogaserro (Sociedade Galega de Servizos Sociais)

Máis información: www.sogaserro.com

Prazo de envío de documentación: ata o 9 de novembro.